

CG/ap

<b>Asunto</b>	Informe en relación á documentación adicional presentada polo promotor en atención ao informe do 15.11.2021 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	<b>Clave</b>	PE-OU-002-11(5)
<b>Proxecto</b>	Parque eólico Paraño Oeste		
<b>Espazo natural</b>	Ningún		
<b>Concello</b>	Beariz e Forcarei		
<b>Provincia</b>	Ourense e Pontevedra		
<b>Solicitante</b>	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	<b>Ref.</b>	IN661A DXIEM-02/11
<b>Promotor</b>	Eólica Galenova, S.L.U.	<b>Ref.</b>	

## I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 21.07.2022, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, nova documentación achegada polo promotor o 15.07.2022 en atención ao informe desta dirección xeral do 15.11.2021 sobre o parque eólico Paraño Oeste.

A documentación que se acompaña é a seguinte:

- “PARQUE EÓLICO PARAÑO OESTE Y CONEXIÓN DE EVACUACIÓN. INFORME SOBRE MODIFICACIÓN DE DETERMINADOS TRAMOS VIARIOS. JULIO 2022”.

No oficio remitido o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética tamén informa que o 29.11.2021 o promotor achegou escrito manifestando a súa conformidade co dito informe.

## II. Resumo da documentación adicional.

Na documentación que se achega o promotor ratifica o xa sinalado no oficio aludido nos antecedentes, isto é:



“El 29.11.2021, Eólica Galenova manifiesta su conformidad a lo dispuesto en el citado informe favorable de 15 de noviembre de 2021, aceptando el contenido expuesto y contemplando las condiciones indicadas; concretando que realizará los estudios y actuaciones requeridas, en función de las características técnicas exigidas por la maquinaria de transporte y las condiciones topográficas del terreno”.

Sendo o obxecto específico do documento a descrición e xustificación da proposta de modificacións nos viais de acceso aos aerogeradores do parque eólico Paraño Oeste, como resposta a parte do contido no informe da DXPN de data 15.11.2021; no cal, entre os aspectos, se requirira o seguinte:

- Débese restaurar os tramos que queden sen servizo como consecuencia de ser cortocircuitados polas novas vías.
- Eliminar os tramos redundantes.
- Axustar as pistas o máximo posible ás existentes para evitar afección innecesarias.

En atención ao anterior o promotor introduce as seguintes modificacións:

- Elimínase a área de xiro prevista para o retorno dos transportes especiais na contorna da posición PÑW-01. Trátase dun tramo de vial de novo trazado, de 168 metros, que non se executará.

Tampouco se utilizará o camiño existente previsto para o retorno dos vehículos descargados (332 m), aínda que no proxecto non contemplaba ningunha actuación neste camiño.

- Modifícanse os viais de acceso aos aerogeradores PÑW-05 e PÑW-06, adaptando parte do seu trazado un camiño existente.

Con esta medida, elimínase 335 metros de vial de novo trazado, e aprovéitanse 605 metros máis de camiño existente.

- Modifícase o trazado do vial de acceso aos aerogeradores PÑW-07 a PÑW-10, na súa intersección co vial principal que enlaza cos aerogeneradores PÑW-11 a



PÑW-17, adaptando a curva na devandito ligazón para axustalo ao camiño existente.

Con esta medida, elimínanse 359 metros de vial de novo trazado, e se aproveitan 289 metros máis de camiño existente.

- Modifícase o trazado dos viais de acceso na contorna do aeroxerador PÑW-15, adaptando parte do seu trazado un camiño existente.

Con esta medida, elimínanse 218 metros de vial de novo trazado, e se aproveitan 464 metros máis de camiño existente.

- En resumo, cos cambios propostos elimínanse 1.080 metros de vial de novo trazado e aprovéitanse 1.358 metros máis de camiño existente. Coas modificacións propostas, o proxecto contempla un total de 2.566 metros de viais existentes sen actuación, 4.298 m de viais existentes acondicionados e 5.866 m de viais de novo trazado.

Resúmense a continuación as lonxitudes de camiños existentes e viais de novo trazado cos cambios propostos, e a diferenza respecto a o contemplado no proxecto:

Accesos a aerogeneradores	Proyecto (m)	Modif. (m)	Variación (m)
Pista existente sin actuación	2.898	2.566	-332
Camino existente acondicionado	2.940	4.298	+1.358
Vial de nueva apertura	6.966	5.886	-1.080
<b>Total</b>	<b>12.804</b>	<b>12.750</b>	<b>-54</b>

Na documentación adxúntanse planos detallados cos cambios propostos, así mesmo achegase un shape con información pormenorizada.

En relación á restauración dos camiños que queden sen uso, como consecuencia da nova rede viaria do parque, se indica que *“serán completamente restaurados, a fin de evitar la duplicidad de caminos y restaurar en lo posible el entorno natural. En cualquier caso, se mantendrá en todos los casos el acceso a las fincas y propiedades particulares, ejecutándose las obras necesarias para garantizar dicho acceso”*.



### III. Análise da documentación e conclusións.

---

Examinada a documentación recibida considérase que as modificacións introducidas na rede viaria supoñen unha mellora dende o punto de vista da integración no medio do proxecto, reducindo a afección sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

Durante a construción do parque eólico ou ao finalizar esta, comprobarase que foron revexetados todos os tramos que queden sen servizo como consecuencia de ser cortocircuitados polas novas vías.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de  
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace  
O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

